



RESOLUCIÓN DEFINITIVA DAS SOLICITUDES DE HABILITACIÓN DO PROFESORADO DE CENTROS PRIVADOS

Vista a proposta de resolución definitiva das solicitudes de habilitación do profesorado de centros privados elevada pola Comisión constituída segundo o establecido no apartado décimo da Orde de 25 de novembro de 1997 (DOG 22/11/1997).

Considerando que da cordo co establecido ao respecto no apartado décimo punto 6 da orde mencionada e o establecido no Decreto de estrutura esta Xefatura emite a **resolución definitiva** das solicitudes de habilitación do profesorado de centros privados reflectida no anexo adxunto que se publica nesta mesma data no taboleiro de anuncios da Delegación Provincial e na seguinte páxina web: <http://www.edu.xunta.es/portal/>

Contra esta resolución poderase interpor recurso ordinario no prazo dun mes perante o Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria. A resolución do Conselleiro esgota a vía administrativa e poderá ser obxecto de recurso ante a xurisdición do contencioso administrativo.

A Coruña a 7 de setembro de 2010

A Xefa Territorial da Consellería de Educación da Coruña

Asdo: Teresa Villaverde Pais



MOTIVOS DE DENEGACIÓN DE HABILITACIÓNS

1.	Materia que non figura na normativa: Real Decreto 860/2010, de 2 de Xullo (BOE do 17 de xullo), Orde do 25/11/97(DOG 22/12/97), Decreto 133/2007(DOG 13/07/07), Decreto 126/2008 (23/06/2008), Orde do 24/06/2008(DOG 27/06/2008)
2.	Non se acredita unha experiencia docente adquirida cumprindo os requisitos establecidos e, si é caso, a autorización correspondente ou unha formación superior adecuada para impartir o currículo da materia. No caso de Lingua Estranxeira, non acredita o dominio desa lingua
3.	Especialidade que non figura na Orde do 11/10/94
4.	Módulo que non figura na Orde do 23/2/98(BOE 27/02/98) ou decretos de títulos promulgados posteriormente (os borradores non se consideran)
5.	Non especifica especialidade, materias ou módulos ou debe aclarar petición
6.	Falta acreditación ou copia do título
7.	Non se acredita a titulación requirida para a materia ou nivel solicitado
8.	No acredita a formación pedagóxica e didáctica establecida no artigo 100.2 da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio, de Educación e na disposición transitoria segunda do Real Decreto 860/2010, de 2 de Xullo(BOE do 17 de xullo)
9.	a) Certificado incorrecto ou falta o Vº e Prace da Inspección b) Non se presenta certificado da experiencia docente requirida
10.	Debe clarificar a certificación ou presentar certificación académica.
11.	Non se require habilitación nesa especialidade ou módulo
12.	Non acredita posuír a especialidade solicitada
13.	Non acredita o nivel de perfeccionamento de Galego ou CELGA 4
14.	Non comezar a impartir o 1º ciclo da ESO antes de finalizar o ano 1997.
15.	Seguir procedemento como profesor especialista (artigo sétimo da Orde de 30 de setembro de 1998)
16.	Resolución pendente de desenvolvemento do Real Decreto 860/2010, de 2 de xullo (BOE 17/07/2010) pola Consellería de Educación e O.U.



NOTA ACLARATORIA:

1. As solicitudes que na resolución provisional de agosto quedaron pendentes (16) e as que foron entregadas posteriormente, aínda que se inclúen nesta resolución, os interesados teñen dereito a formular a correspondente reclamación no prazo de 15 días contados a partir da data de publicación.
2. O día 17 de xullo publicouse no BOE o ***Real Decreto 860/2010***, de 2 de xullo, polo que se regulan as condicións de formación inicial do profesorado dos centros privados para exercer a docencia nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, e entrou en vigor o día 18 de xullo. Isto obrigou a resolver as solicitudes do profesorado de ESO e Bacharelato tendo en conta este Real Decreto. Tamén se tivo en conta a Orde de 25 de novembro de 1997 nos aspectos en que non se opón ao citado real decreto.

A Coruña a 7 de setembro 2010